

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA CORUÑA POLO QUE SE DESENVOLVE O CONVENIO MARCO ASINADO O 4 DE OUTUBRO DE 2021, PARA A DOTACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO ANTIGO MERCADO DE SANTA LUCÍA (A CORUÑA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde firmou o día 30.12.2025 co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Modificar e concretar determinados aspectos do Convenio asinado entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña o 26 de xuño de 2025, co fin de adaptar o seu contido ao curso ordinario da tramitación e tras a adxudicación dos contratos previstos, a fin de incorporar os importes definitivos, a distribución temporal vixente, e a correspondente prórroga, conforme se indica a continuación:

- Reflectir a modificación do contrato de servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución de obra (resolto o 09/10/2025 polo concelleiro de Economía e Planificación Estratéxica do Concello da Coruña) aplicable á primeira fase prevista no prego de cláusulas administrativas (redacción do proxecto básico e de execución), co obxecto de elaborar unha separata que permita a división do proxecto en fases, motivo polo que incrementou o seu importe en 18.143,95 €, dos cales ao Servizo Galego de Saúde lle corresponden 9.819,51 €, en atención a súa participación do 54,12 %.

- Incorporar as cantidades e porcentaxes finais correspondentes á dirección facultativa e ao Documento Final de Obra (Doc Final), segundo os contratos formalizados tras a adxudicación, así como os custos relativos á dirección de execución e á coordinación de seguridade e saúde, de acordo co disposto na cláusula 4.4 do Convenio, na que inicialmente non figuraban os importes concretos.

- Adaptar a distribución das anualidades para acompañar os pagamentos ao ritmo real de execución das obras, de conformidade co artigo 26 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Establécese así a distribución das cantidades por anualidades, en función do



cronograma de execución das obras e dos servizos técnicos achegado polo Concello.

- Respecto á vixencia do Convenio, engadir a prorroga por un período adicional de dous anos, de conformidade co artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a fin de permitir a comprobación e verificación das garantías da obra e a realización dos abonos finais do Convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que:

Con data 26 de xuño de 2025, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do convenio marco do 4 de outubro de 2021, co obxecto de dotar á zona do antigo mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde.

Conforme ao previsto no dito convenio, o Concello da Coruña licitou e adxudicou os contratos relativos á execución das obras, dirección facultativa, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.

Unha vez adxudicados todos os contratos, resultaba necesario concretar nunha adenda as cantidades e porcentaxes correspondentes a cada unha das actuacións, así como o reaxuste por anualidades, conforme ao artigo 26 do Decreto 11/2009de 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado acudir á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíase esta memoria,

